

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

A ESCENA GALEGA CELEBRA A SÚA DÉCIMO OITAVA FEIRA

MÁIS DE 150 PROGRAMADORES,
DISTRIBUIDORES E PRODUTORES DANSE CITA
EN SANTIAGO DO 18 AO 21 DE OUTUBRO

O CARTEL ARTÍSTICO OFRECE 17 ESPECTÁCULOS
DE TEATRO, 3 DE DANZA, 1 DE NOVO CIRCO
E 3 *SHOWCASES* COREOGRÁFICOS

A Feira Galega das Artes Escénicas regresa á súa cita anual cos profesionais e espectadores interesados na actualidade do teatro e a danza feitos en Galicia a través dun intenso programa que se desenvolverá do 18 ao 21 de outubro en seis espazos de Santiago de Compostela. Máis de 150 programadores, distribuidores e produtores, entre outros axentes culturais, inscribíronse nesta décimo oitava edición do encontro, durante o que terán a oportunidade de asistir a 21 espectáculos escénicos (18 deles galegos e 3 andaluces), 3 *showcases* de danza e demais actividades arredor da zona de mercado que, como en anos anteriores, quedará instalada no Auditorio de Galicia con 16 *stands* de asociacións e empresas do sector.

SUMARIO

- [1-6] AGADIC
 - [5] > Centro Coreográfico Galego
 - [6] > Centro Dramático Galego
 - [6] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [7-8] ALERTA!
- [8] NOVIDADES EDITORIAIS
- [9-10] E_SCENA EN CIFRAS



navega por e_scena pinchando nas
frechas, no índice e nos enderezos web

EN PORTADA

A ESCENA GALEGA CELEBRA A SÚA DÉCIMO OITAVA FEIRA

*Na carteleira artística
teñen cabida o teatro para
público adulto e familiar,
a danza e o novo circo*

*Tres compañías andaluzas
completan o cartel coa exhi-
bición en Santiago das súas
últimas propostas*

vén da páx. anterior

A Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellería de Cultura e Turismo encárgase da organización desta Feira 2010, cunha carteleira artística na que teñen cabida o teatro para público adulto e familiar, a danza e o novo circo, e na que a comedia –especialmente a de tinturas máis escuras– ocupa un lugar destacado canto aos xéneros dramáticos abordados. Conviven, así mesmo, propostas de compañías cunha recoñecida traxectoria no ámbito escénico galego (Teatro do Morcego, Teatro de Ningures, Galitoo, Lagarta Lagarta, Sarabela Teatro, Ghazafellos, Títeres Trompicallo, Carlos Blanco, Teatro do Atlántico,



Botazz! O swing do jazz



O incerto señor don Hamlet



A filla de Woody Allen

Talía Teatro, Caramuxo Teatro e Producións Teatrais Excéntricas) con outras de máis recente creación como Ónfalo Teatro, Santiago Cortegoso, SÓLIDOS-neodans, Elefante Elegante, La Macana ou as formacións que participarán no espectáculo *Circo á feira, racións de Novo Circo galego* (Luso e Fusco, Arre-pentimentos de Padrón, Rocés e Goces, Duelirium e Almacabra Teatro-Circo), co que se clausura o programa de exhibición.

Mirada a Andalucía

Nesta ocasión, tres compañías andaluzas completan o cartel coa presentación en Santiago das súas últimas propostas: a formación sevillana Teatro del Velador escenificará a súa primeira

montaxe de danza, *Hildegard*, mentres que dende Granada chegarán La Rous con *La casa del abuelo*, premio ao mellor espectáculo na Feria Europea de Teatro para Niños y Niñas (Fetén) de Xixón, e Histrión Teatro coa obra *Del maravilloso mundo de los animales: los corderos*, escrita e dirixida polo recoñecido director arxentino Daniel Veronese.

Pero, fundamentalmente, os profesionais asistentes á XVIII Feira Galega das Artes Escénicas teñen aquí a oportunidade de entrar en contacto directo cunha relevante mostra da máis recente produción teatral de Galicia, tendo en conta ademais que unha importante porcentaxe dos espectáculos seleccionados foron estreados en datas moi recentes e se atopan en pleno inicio do

seu periplo polos escenarios. De feito, a prioridade da organización é manter ou incluso incrementar a presenza das compañías galegas nas próximas temporadas escénicas dos teatros, auditorios, circuítos e festivais con representación neste encontro. Neste sentido, mantense o programa de bonificacións á distribución exterior, de xeito que os programadores de fóra de Galicia que contraten producións galegas durante a celebración da Feira poderán beneficiarse dun desconto do 40% nos cachés.

Autoría galega

Entre as montaxes de teatro, a aposta pola autoría galega contemporánea chega da man de compañías como Abada Teatro-Carlos Blanco con *Ordem e progreso*, do propio Carlos Blanco; Elefante Elegante con *In*, de María Torres; Teatro do Atlántico con *Memoria de Helena e María*, de Roberto Salgueiro, ou Teatro de Ningures con *Homes... mulleres: o paraíso terreal*, de Paula Carballeira, María Armesto e Santiago Cortegoso, autor este último de *A filla de Woody Allen*, que leva a escena coa súa propia compañía. É, igualmente, o caso de todas as propostas galegas de teatro infantil: Caramuxo Teatro con *Mensaxe sen botella*, de Juan Rodríguez e Laura Sarasola; Galitoo con *Botazz! O swing do jazz*, de Luis Miguel Rodríguez e Santiago Alonso; Gazhafelhos con *Frankenstein*, de Pepablo Patinho, e Títeres Trompicallo con *O día que chegou unha nube e choveu*, de Marián González e Luis González.

Ademais, Sarabela Teatro leva a escena un dos nosos clásicos, Álvaro Cunqueiro, en *O incerto señor don Hamlet* e o resto incorpora ao repertorio en galego autores doutras dramaturxias contemporáneas: Lagarta Lagarta con *Cásting (a comedia)*, do catalán Roger Justafre; Ónfalo Teatro con *Na meta (sálvese quen poida)*, do austríaco Thomas Bernhard; Producións Teatrais Excéntricas con *Un cranio furado*, do británico de orixe irlandesa Martin McDonagh, e Teatro do Morcego con *A Nona*, do arxentino Roberto Cossa; e incluso clásicas como o caso de Talía Teatro con *Volpone*, do dramaturgo inglés Ben Jonson.

Danza

A creación coreográfica galega está tamén representada no programa oficial de exhibición a través de dúas compañías (La Macana con *Shure PG48* e SÓLIDOSneodans con *Sólodos*), así como no programa paralelo de *showcases* de danza, que



Sólodos

achegará aos programadores tres mostras do traballo que están a desenvolver formacións e artistas emerxentes da escena coreográfica en Galicia: *Tulipanes* de DLoira, *Sí quiero* de Entremans e *Cara pintada, el salto de la rana* y otras pequeñas historias de Janet Novás.

Canto aos espazos de exhibición, a Sala Capitol e a Aula de Cultura de Caixa Galicia súmanse este ano a ARtería Zona Noroeste, á Sala Mozart do Auditorio de Galicia, ao Salón Teatro e ao Teatro Principal

como escaparate das propostas artísticas. O Auditorio repite, ademais, como sede principal da Feira Galega das Artes Escénicas, onde se localiza a oficina de coordinación, un dos escenarios, o restaurante e mais o espazo de mercado cos *stands* das seguintes asociacións e empresas: Altega Educación e Lecer, Área de Cultura da Deputación de Lugo, Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) e Asociación Profesional Danza Escénica Galega (Danesga), Asociación Galega de Em-



Shure PG48

presas de Servizos para Eventos (Agase), Asociación Galega de Novo Circo Pistacinco, Elefante Elegante, Escena Galega, Kachet, Kukas Producións Artísticas, Magos Profesionais de Galicia (MPG), Mago Teto, Palimoco Teatro, Teatro de Nigures, Teatro do Morcego-Compañía Residente de Narón e Teatro Galileo.

O Auditorio de Galicia acollerá tamén o acto inaugural na mañá do día 18, que dará comezo coa execución da peza breve *Sonata para dous* a cargo do Centro Coreográfico Galego. Na mesma sesión darase a coñecer o ditame e se fará entrega dos tres premios de literatura dramática que convoca a Agadic: o Álvaro Cunqueiro para textos teatrais –o galardón de máis longa traxectoria de todos os que se celebran neste ámbito



Sí quiero

en Galicia–, o Manuel María de literatura dramática infantil e o Barriga Verde de textos para teatro de monicreques.

+info en www.agadic.info/feira



Cásting (a comedia)

CREATIVA OFRECE ATA FIN DE ANO DIVERSAS ACTIVIDADES DE EXHIBICIÓN E DEBATE

O programa CREATIVA, que promoven conxuntamente a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura e Turismo e a portuguesa Direccção Regional de Cultura do Norte, fará posible a celebración ata fin de ano de novas e diversas actividades de dinamización das industrias culturais de Galicia e Portugal. Unha exposición filatélica, un encontro de artistas emerxentes, a celebración de varios foros de debate dentro do Cultural e un foro-taller de edición son algunhas das iniciativas que se levarán a cabo durante o último trimestre de vixencia deste proxecto europeo.

Así, Vigo acollerá, do 29 de outubro ao 6 de novembro, "Iberex 2010. Exposición Filatélica de Galicia-Norte de Portugal", unha mostra de carácter competitivo á que concorrerán coleccionistas españois e portugueses como proba clasificatoria para Exfilna, campionato de España de Filatelia.

Encontro 6x6

A cidade olívica será así mesmo a sede do "6x6 Punto de Encontro", unha proposta interdisciplinar de artistas emerxentes no eido das artes do movemento, do teatro e da plástica, que comezará o último xoves de outubro e continuará o seu desenvolvemento todos os xoves de novembro e o primeiro de decembro. Serán 6 espectáculos, cada un participado por 3 artistas, os que se deseñarán e representarán en diferentes espazos do Verbum, a casa das palabras. O encontro intenta

potenciar a palabra como nexa entre os creadores e creadoras que se atopan por primeira vez para conformar un espectáculo.

Canto ás actividades de debate, a Agadic patrocinará a través de CREATIVA os distintos foros profesionais que se levarán a cabo en Cultural, a feira galega das industrias culturais, que se celebrará no Pazo da Cultura de Pontevedra na última semana de novembro. Está prevista ademais a celebración dun foro-taller de edición, en colaboración coa Asociación Galega de Diseñadores (Dag), que será tamén en Pontevedra os días 2, 3 e 4 decembro (relatorios) e os días 16, 17 e 18 do mesmo mes (obradoiro de tipografías).

CREATIVA é un programa con financiamento a cargo dos fondos FEDER da Unión Europea que se vén desenvolvendo desde decembro de 2009 mediante distintas propostas para a difusión das industrias culturais do sur de Galicia e do norte de Portugal. Así, a participación nos festivais Play-Doc de Tui e de Cans (O Porriño), o evento musical *Cores do Atlántico* que acolleu a illa de San Simón, o Foro Clown da Estrada, a participación de compañías portuguesas na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, as I Xornadas de Novo Circo Galicia-Norte de Portugal, os talleres e a retrospectiva sobre o realizador Carlos Velo dentro do Festival Filminho ou o ciclo de *spoken word* "A Illa do Pensamento" foron algunhas das accións levadas a cabo durante 2010 dentro de CREATIVA.

+ info en www.creativacultural.com

ARTISTAS E EMPRESAS GALEGAS PARTICIPAN NA "MONKEY WEEK" DE CÁDIZ

A Agadic patrocina a presenza dunha delegación de artistas e empresas musicais galegas na Monkey Week, a mostra internacional de música independente de Cádiz, que celebra este ano a súa segunda edición no Porto de Santa María do 8 ao 12 de outubro. A música galega estará presente neste innovador certame cun *stand* propio baixo a marca GalicianTunes, coa presentación dos grupos Holywater, Eladio y Los Seres Queridos, Clá, Hola a Todo el Mundo e Magnética; e coa participación das produtoras Ernie, La Fábrica de Chocolate/Esmerarte e Saraiba.


A representación empresarial e artística galega, que conta tamén co apoio de Agaphono (Asociación Galega de Productoras Fonográficas) e AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais), visualizarase na área de mercado para profesionais da Monkey Week mediante a ocupación dun *stand* propio identificado baixo a marca GalicianTunes, a enseña común utilizada por institucións públicas e empresas privadas galegas para a difusión no exterior da música producida actualmente en Galicia.

Dobre cd promocional

Desde esa zona expositiva, que quedará instalada durante os días do evento no Teatro Pedro Muñoz Seca, achegárase material promocional ao servizo das empresas galegas asistentes. O principal soporte preparado especificamente para as feiras internacionais de música deste ano é un dobre cd con libreto, que se distribuirá gratuitamente desde



Holywater



Eladio y los Seres Queridos



Hola a Todo el Mundo

o *stand* de GalicianTunes. Este dobre cd recolle a produción musical galega máis recente, dividida por xéneros en pop-rock e jazz (cd1) e *roots* (cd2).

A Monkey Week 2010 enfronta a súa segunda edición no camiño de consolidarse como escaparate e punto de encontro para artistas, público e profesionais da escena musical independente. Durante os cinco días da mostra desenvolveranse máis dun cento de actuacións (entre concertos e *showcases*) repartidas entre tres escenarios (Teatro Pedro Muñoz Seca, Mosteiro

da Victoria e praza de Alfonso X) e un circuito de salas e bares da cidade. A zona de mercado acollerá un total de 44 *stands* a disposición das discográficas, de empresas de *management*, de comunicación e doutros axentes do sector musical. Tamén está prevista unha programación complementaria con máis de 20 horas dedicadas a conferencias, talleres e mesas redondas coa música independente como centro de atención.

+ info en www.monkeyweek.org



O CCG COPRODUCIRÁ OS NOVOS ESPECTÁCULOS DE BSTUDIODANZA E NABEIRARRÚA DANZA

As compañías galegas BStudiodanza e Nabeirarrúa Danza contarán co apoio económico e a asistencia técnica do Centro Coreográfico Galego (CCG) para desenvolver os seus próximos espectáculos, que foron seleccionados entre o total de 22 proxectos presentados á convocatoria de coproducións da unidade de danza da Agadic.

O CCG reserva un máximo de 40.000 euros a este programa de apoio, dos que 15.800 euros destínanse á coprodución da peza *Nu Shu* de BStudiodanza

(BStudio Galicia) e 8.400 euros a *UNO* de Nabeirarrúa Danza. Ademais do apoio económico, as compañías contarán co asesoramento e asistencia do Centro Coreográfico en aspectos relacionados tanto coa xestión das producións como co seu desenvolvemento artístico.

A través do primeiro destes proxectos, a directora da compañía compostelá BStudio, Dolores Mayán, propón unha indagación sobre a condición de muller, sobre os atributos particulares, o contorno e a longa tradición cultural arredor do universo feminino. Co subtítulo “A escrita secreta das mulleres”, este traballo inspírase na novela *O abano de seda*, na que

a autora estadounidense de orixes chinesas Lisa See retrata a vida das mulleres dunha remota provincia chinesa que para comunicarse libremente entre si crearon a escrita “nu shu”, só coñecida por elas.

Nabeirarrúa Danza, compañía integrada por Anuska Alonso e Mar López, propón a través do seu proxecto *UNO* unha investigación sobre os conceptos “corpo” e “tempo” e as súas posibles relacións, tratando o tempo dende as diferentes perspectivas e trasladando os seus múltiples significados ás accións corporais e aos obxectos e ambientes escenográficos.

PONTEVEDRA E TUI ACOLLEN SENLLAS REPRESENTACIÓNS DE “ETHERIA”

O Pazo da Cultura de Pontevedra e o Teatro Municipal Área Panorámica de Tui acollen os vindeiros días 16 e 23 de outubro, respectivamente, senllas representacións de *Etheria, a viaxe soñada*, a última produción do Centro Coreográfico Galego (CCG), creada e dirixida por Mercedes Suárez con música composta por Isaac Garabatos.

Desde a estrea deste espectáculo o pasado mes de xuño, o CCG vén ofrecendo ao público unha particular e accesible visión do mundo das peregrinacións, ao tempo que brinda a súa proposta a un ano Xacobeo que inspira todo tipo de manifestacións culturais. Trátase dunha peza audaz e dinámica pola súa capacidade de combinar, de xeito tan equilibrado como fluído, as representacións da historia milenaria con elementos da máis cotiá actualidade, a sim-

boloxía clásica cos patróns máis contemporáneos.

Etheria, a viaxe soñada conta na súa xénese cunha sólida base histórica, cargada de documentadas alusións a coñecidas figuras da antigüidade galega, o que non lle impide á súa directora e coreógrafa, Mercedes Suárez, introducir axilmente no seu desenvolvemento elementos anacrónicos, reivindicando así o espírito universal e atemporal das grandes viaxes ao longo da historia da humanidade e da mitoloxía.

Etheria, a viaxe soñada está interpretada coa música en directo do grupo ISGA Collective, e polas bailarinas e bailaríns Irene Rubio, Ariel Gastón A. Caramés, Miguel Ángel Ponte, Elena Chamorro, Fátima Fernández, Beatriz Garrido, Ástrid Molinero, Lucía Antonella Sampieri, Pablo Aradillas, Juan Miguel Hernández, Pastor Rodríguez e Carlos Ugarriza.

+ info en
www.centrocoreografico.org

O CCG ABRE UN NOVO PROGRAMA DE APOIO Á INVESTIGACIÓN COREOGRÁFICA

O CCG convocou un novo programa de apoio á danza mediante a axuda a coreógrafos/as que desenvolvan proxectos de investigación coreográfica en Galicia. Con esta iniciativa, que reformula e substitúe o anterior plano de residencias artísticas, a entidade que dirixe Mercedes Suárez abre unha vía adicional de asesoramento e acompañamento artístico e técnico –durante un máximo de 3 meses– aos creadores actuais, que poderán ademais percibir unha dotación económica de 2.000 a 6.000 euros para materializar as súas propostas.

Os artistas seleccionados están obrigados a entregar un informe explicativo e gráfico de todo o proceso de investigación e realizar, así mesmo, unha exhibición pública do traballo resultante, que se levará a cabo previsiblemente a principios de 2011.

Os interesados deberán enviar a solicitude normalizada ata o 20 de outubro, xuntando curriculum e memoria explicativa do proxecto nun máximo de 10 folios. O comité de selección, que estará integrado pola directora e tres profesoras de baile e danza do CCG, manexará como criterios de avaliación aspectos como a solidez formal e conceptual, a calidade e interese, a contribución e influencia no sector da danza e a viabilidade.



Etheria, a viaxe soñada

NOVAS PROPOSTAS ESCÉNICAS E MUSICAIS NO SALÓN TEATRO EN OUTUBRO

A compañía galego-portuguesa Elefante Elegante abriu a carteleira do Salón Teatro para este mes de outubro coa posta en escena os días 1 e 2 do espectáculo *In*. Tralas dúas funcións desta proposta de teatro xes- tual e do concerto o pasado día 4 do acordeonista e compositor Víctor Prieto, o espazo de exhibición que xestiona o Centro Dramático Galego con- tinuará co seu calendario de actividades mediante a oferta ao público de distintas citas escénicas e musicais.

Así, o sábado 9 e o domingo 10 terán lugar dúas represen- tacións da montaxe *A pensión* a cargo de Redrum Teatro. Con dirección escénica de Álex Sampayo, Rosa Álvarez, Tamara Canosa e Guillermo Carbajo compoñen o trío interpretativo deste conto de suspense que ex- plora as consecuencias da soi- dade mergullándose nun mundo

interior complexo, produto do abandono, do illamento e da falta de comunicación.

Días despois, 15 e 16 de outu- bro, a compañía A Producións Artísticas presentará o seu primeiro traballo teatral, *Ali- cia & Alicia*. A imaxinación e a fantasía por medio da música, do estilo, do movemento escénico e dos tratamentos das imaxes visuais proxectadas sosteñen esta peza para público adulto baseada no achegamen- to de Alicia a sí mesma, através dunha viaxe ao mundo dos seus sonhos.

Finalmente, e despois de exer- cer durante catro días como sede da Feira Galega das Artes Escénicas, o Salón Teatro ofre- cerá catro funcións da nova montaxe de Teatro do Noroeste, *Historias peregrinas*, baixo a dirección escénica de Eduardo Alonso. Alejandro Carro, Xan Casas, Luma Gómez, Fernando González, Julia Méndez, Mos, Victoria Pérez e Aitor Rei exe- cutan esta comedia de Miguel

Anxo Murado que fala da vida, da aparencia e da realidade, da razón e a sen razón de ser.

Citas de ST Música Presente

Canto á programación musical, o mesmo escenario albergará os dous últimos concertos da se- gunda entrega do ciclo ST Mú- sica Presente. Así, o mércores 13 o grupo Bruma presentará o seu recital *Nove espellos e unha caixa de música*; e o venres 22 actuará a coruñesa Silvia Peni- de, que presentará o seu cuarto traballo de estudio, *Las Erres Dobles*.

COMEZARON OS ENSAIOS DE "SALOMÉ" BAIXO A DIRECCIÓN DE CARLOS SANTIAGO

O pasado 27 de setembro come- zaron os ensaios de *Salomé*, a actual produción do CDG para esta temporada 2010-2011, que ten prevista a súa estrea no Salón Teatro de Santiago

o vindeiro 26 de novembro. O director, Carlos Santiago, xunto a Víctor Mosqueira como axudante na dirección escénica, atópase estes días inmerso nos traballos de composición das primeiras escenas, na creación dos perfís dos personaxes e na ordenación secuencial do espectáculo.

Despois de levar a cabo na sede do CDG unha intensa semana de traballo realizando a lectura analítica da obra e dos perso- naxes, o equipo artístico tras- ladouse xa á nave de servizos múltiples que mantén a Agadic no compostelán polígono em- presarial de Costa Vella. Aquí, o elenco que compoñen Alberte Cabarcos, Marcos Correa, María Mera, Pepe Penabade, María Salgueiro e Hugo Torres ensaian 6 horas diarias coas primeiras achegas de escenografía e o atrezzo básico.

O método de traballo centrarase durante as vindeiras semanas na dimensión poética que esixe o texto de Oscar Wilde –adap- tado e traducido ao galego por Pepe Sendón, integrándoa cos fondos e ritmos melódicos que compuxo para esta fase de ensaios o responsable do espazo sonoro, Fran Pérez "Narf". Igualmente, outros nomes que se afanan na materialización da produción son Pancho Lapeña (deseño do espazo escénico), Cloti Vaello (vestiario), Baltasar Patiño (iluminación) e Uxía Vaello (movemento escénico).

+ info en

www.centrodramatico.org

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]

COMEZA O NOVO CURSO LECTIVO CUN CURSO DE TROMPA A CARGO DE ERIC TERWILLIGER

O prestixioso solista norteamer- icano Eric Terwilliger impartirá, do 11 ao 15 de outubro na Escola de Altos Estudos Musicais, un curso de trompa, dentro das actividades da Sección de Formación Perma- nente deste centro e como unha das primeiras actividades do exercicio lectivo 2010-2011 que vén de comezar coa incorpora- ción ás clases do alumnado de segundo curso da Sección de Especialización.

Terwilliger impartirá un total de seis xornadas formativas, nas que poderán participar os asis- tentes en calidade de alumnos activos ou coma oñtes, e nas que o mestre afondará en dis- tintos aspectos sobre a trompa, traballando a técnica interpre- tativa xunto ao estudo de varias obras para este instrumento.

Nado en Bloomington (India- na, EE.UU.), Eric Terwilliger é trompa solista da Orquestra Filharmónica de Múnic dende 1976 e do Chamber Virtuoso desta mesma cidade alemá dende 1986. Tras graduarse en



Eric Terwilliger

interpretación en 1975, estudou con Michael Hötzel na NWD Musikhochschule de Detmold (Alemaña) e na Mozarteum de Salzburg (Austria). Dous reco- ñecementos internacionais –a medalla de prata que obtivo no Concurso Internacional de Xenebra en Suíza en 1976 e o primeiro premio no II Concurso de Trompa en Liexa (Bélxica) en 1981– marcaron o inicio da súa traxectoria como solista, que compaxina con actuacións xunto a orquestras de renome, como as filharmónicas de Múnic, Viena e Berlín, e con grupos de cámara como o Viena Chamber Ensemble ou o Viena Wind Octett. Dende 1994 é profesor de trompa na Universidade Johannes Gutenberg de Mainz (Alemaña) e no Conservatorio Richard Strauss de Múnic, ac- tividade que compaxina coas clases maxistras que imparte en diferentes países.

+info en www.eaem.es



In

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
Subvencións da Agadic ás industrias culturais 2010 (DOG nº 61 de 31 de marzo de 2009)	B. Crédito-Cultura	Empresas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de produtos ou servizos de consumo cultural, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro*
	D. Distribución D.1. Distribución exterior	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro**
	D.2. Asistencia a feiras e outras plataformas de distribución	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas á actividade de produción e distribución de bens ou servizos culturais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, para a asistencia a feiras ou mercados culturais.	31 de outubro***
Inscrición na Rede Galega de Teatros e Auditorios	A inscrición de espectáculos para o 1º semestre de 2011 do circuïto promovido pola Agadic para a distribución de espectáculos de teatro, danza, maxia e música realízase a través da web www.galescena.info .	Compañías escénicas e formacións musicais de carácter profesional	15 outubro
Centro Coreográfico Galego. Programa de Proxectos de Investigación Coreográfica	O CCG pon en marcha esta iniciativa a través da que se proporcionará asesoramento artístico e técnico durante a duración dos proxectos seleccionados, así como apoio económico por un importe de entre 2.000 e 6.000 euros.	Creadores/as que empreguen a danza como forma de expresión e desexen desenvolver proxectos de investigación coreográfica en Galicia. As bases da convocatoria poden consultarse na web www.centrocoreografico.org	20 de outubro
Centro Coreográfico Galego. Taller de danza tradicional galega	Calixto Albán Laxe impartirá do 8 ao 12 de novembro na sede do CCG este obradoiro dirixido a afondar no coñecemento da danza tradicional galega como expresión cultural do pobo, así como doutros aspectos con ela relacionados como os traxes e as súas partes, os diferentes tipos de música tradicional...	25 prazas para profesionais da danza e das artes do movemento. Máis información sobre a inscrición e matrícula: www.centrocoreografico.org	Do 11 de outubro ao 5 de novembro
Centro Coreográfico Galego. Taller de <i>partenaire</i>	A cargo do mestre madrileño Raúl Moreno, as clases desenvolveranse do 22 ao 26 de novembro na sede do CCG. Nelas abordarase a técnica do <i>Pas de deux</i> cunha orientación neoclásica, así como os seus conceptos básicos dende una perspectiva contemporánea.	30 prazas para bailaríns e bailarinas de calquera disciplina clásica e/ou contemporánea de nivel medio-alto. Máis información sobre a inscrición e matrícula: www.centrocoreografico.org	Do 25 de outubro ao 19 de novembro

* Un mes dende a formalización dos préstamos obxecto de subsidio e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2010. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta convocatoria, o prazo rematou o 30 de abril.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de marzo de 2010, o prazo finalizou o 30 de abril. No caso dos distribuídos entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2010, o 31 de maio. Para o resto, o prazo finaliza o 31 de outubro.

*** Para as actividades realizadas entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de marzo de 2010, o prazo rematou o 30 de abril. No caso das realizadas entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2010, o 31 de maio. Para o resto, o prazo finaliza o 31 de outubro.

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
Centro Coreográfico Galego. Clases abertas de danza clásica xunto a Etheria	As profesoras do CCG Beatriz Ponlla e Belén Vázquez imparten estas clases abertas de luns a venres de 9.30 a 11.00 horas, incluídas aquelas xornadas nas que a compañía de <i>Etheria</i> . <i>A viaxe soñada</i> está de xira. Porén, non haberá clases durante a celebración dos talleres formativos impartidos polo Centro Coreográfico entre setembro e decembro.	Alumnos de nivel medio-alto, compartindo o espazo da aula de ensaios (Complejo Deportivo de Elviña. Avda. Glasgow s/n, A Coruña) co elenco do espectáculo <i>Etheria</i> . <i>A viaxe soñada</i> . A entrada é libre ata completar a capacidade. Máis información: Centro Coreográfico Galego Tel.: 981 134 946 formacion.ccg@xunta.es / actividades.ccg@xunta.es	Aberta a inscrición
Xornadas "As artes escénicas e a crise. Presente e futuro"	Organizadas pola asociación Escena Galega, en colaboración co Consello da Cultura Galega, as xornadas terán lugar en Santiago de Compostela do 2 ao 5 de novembro co obxectivo de realizar unha diagnose detallada e confrontar ideas sobre a situación actual das artes escénicas en Galicia e o seu futuro inmediato.	Todas as persoas que estean interesadas nas artes escénicas poden participar nas distintas mesas de debate inscribíndose previamente, solicitando por correo electrónico o programa completo e unha ficha de inscrición no enderezo info@escenagalega.es	15 de outubro

Outras convocatorias de interese:

- Deputación da Coruña:
www.dicoruna.es/cultura/premios/
- Consortio Audiovisual de Galicia:
www.consortioaudiovisualdegalicia.org

- Academia Galega do Audiovisual:
www.academiagalegadoaudiovisual.com
- Cluster Audiovisual Galego:
www.clusteraudiovisualgalego.com

- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA):
www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html
- Redescena: www.redescena.net
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]

A interpretación (re)considerada

Philip B. Zarrilli, coordinador
Colección Biblioteca de Teatro, serie
Grandes Manuais, nº 3
Edita: AGADIC e Editorial Galaxia
ISBN: 978-84-453-4935-9
PVP: 30 euros

Volume colectivo que ofrece una
ampla panorámica sobre as máis
recentes teorías da interpre-
tación, propostas por grandes
mestres, pero tamén achegas
máis recentes, o que permite
obter unha sorte de estado
da cuestión no inicio do novo
milenio.



Paraíso Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas

AGADIC / Nº 8 / setembro 10
Edición non venal



Paraíso dedica a imaxe da súa
portada ao espectáculo *Por que
o meniño se coce na polenta?*,
a última proposta de Sapristi
Teatro, que neste novo número
da revista comparte espazo con
outros nomes destacados da
escena galega, como o actor
Xosé Manuel Olveira "Pico" ou
as compañías Teatro Galileo
e Chévere. A última peza do
coreógrafo Javier Martín e o
Teatro Principal de Compostela
completan os contidos desta
oitava entrega, que conta ta-
mén cos artigos asinados por
Inma López Silva e Fran Pérez
Lorenzo.

Ao vivo música

AGADIC / Nº 7 / setembro 09
Edición non venal



Ao vivo música entrevista a
Mercedes Peón coincidindo coa
inminente saída ao mercado do
seu novo traballo discográfico,
así como coa súa participación
no Womex de Copenhague como
primeira artista galega que
actuará na sección oficial da
feira tras ser seleccionada por
un xurado internacional. Este
sétimo número ofrece, ade-
mais, senllas reportaxes sobre
o "Galician Bizarre" e os locais
de Margarita Cabaleiro en Vigo,
onde ensaian dende hai 30 anos
algúns dos máis destacados
grupos locais, así como o resto
das súas seccións habituais con
nomes como Uxía, Gabriel Rei-
gosa (Dakidarría), Dj Lagartija,
Fran Pérez "Narf", Berrogüetto,
Bang 74, Álvaro Vieito ou a sala
Náutico do Grove.

REXISTRO DE DATOS
MAIO 2010
[E_SCENA
EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCÍONS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
Santiago	<i>As actas escuras</i>	17	152,53	648,00 €
Narón	<i>As actas escuras</i>	2	129,00	766,40 €
O Barco de Valdeorras	<i>As actas escuras</i>	1	129,00	584,00 €
Tui	<i>As actas escuras</i>	1	280,00	1.521,00 €
Vigo	<i>As actas escuras</i>	1	347,00	1.442,80 €
A Coruña	<i>As actas escuras</i>	2	203,00	1.432,20 €
Ourense	<i>As actas escuras</i>	2	123,00	1.059,60 €
Ferrol	<i>As actas escuras</i>	1	78,00	590,00 €

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCÍONS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
CDG	<i>As actas escuras</i>	17	152,53	648,00 €
Teatro do Morcego	<i>Saltimbanquis</i>	4	68,50	276,25 €
Teatre Lliure	<i>Après moi, le déluge</i>	2	155,50	889,50 €
Rosalía 21	<i>Homenaxe a Rosalía</i>	1	230,00	[por convite]
Teatro do Atlántico	<i>O xogo de Yalta. Afterplay</i>	4	80,25	514,00 €
Mono	Festival Sinsal	1	269,00	2.024,00 €
Sala Muntaner	<i>Genet-Las Criadas</i>	2	112,50	715,50 €
Linho do Cuco	ST Música Presente	1	88,00	300,00 €
Anxo Lorenzo	ST Música Presente	1	56,00	135,00 €
Emilio Cao	ST Música Presente	1	25,00	55,00 €
Casa de Fados	<i>Casa de Fados em concerto</i>	1	263,00	2.078,00 €
Voadora	<i>Super8</i>	3	130,33	220,67 €
Álvaro Vieito	ST Música Presente	1	31,00	80,00 €
Famílie Flöz	<i>Hotel Paradiso</i>	2	208,50	1.596,00 €
Ophiusa	ST Música Presente	1	56,00	120,00 €
Zenet	<i>Concerto</i>	1	159,00	2.208,00 €
Juana Molina	Festival Sinsal	1	84,00	604,00 €
BellónMaceiras Quinteto	ST Música Presente	1	150,00	615,00 €
Eme2	<i>Sexo, por que non?</i>	2	199,50	1.185,00 €
Vashti Bunyan	Festival Sinsal	1	66,00	560,00 €
Kamikaze Producciones	<i>La función por hacer</i>	2	57,50	326,50 €
Kproducciones	<i>La charca inútil</i>	2	104,50	702,50 €

TOTAL ACUMULADOS 2007	FUNCÍONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarárá Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008	FUNCÍONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009	FUNCÍONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	105	14.423	53,73%	70.929,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	18	3.669	81,86%	18.895,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
<i>As Dunas</i> (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
<i>Giseliña</i> (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

TOTAL ACUMULADOS 2010	FUNCÍONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	52	6.732	49,03%	34.448,00 €
<i>As actas escuras</i> (CDG)	27	4.337	39,88%	21.670,20 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCÍONS	ESPECT/ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
Abada Teatro	13	248,92	1.130,65 €
Ábrapalabra Creacións Escénicas	11	120,55	378,82 €
Almacabra-Teatro-Circo	3	94,00	376,67 €
Ancora Produccións	14	71,21	232,07 €
Ángels Margarit/Cía. Mudances	1	109,00	275,00 €
Aracaladanza	1	273,00	730,00 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	38,33	74,17 €
Berrobambán	8	207,00	455,50 €
Bstudiodanza	1	144,00	944,00 €
Cachirulo	4	65,75	201,75 €
Camerata Lírica de España	1	98,00	245,00 €
Caramuxo Teatro	19	264,95	483,51 €
Chévere	4	84,50	315,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea-Ballet Jesús Quiroga		1	396,00
2.242,00 €			
Daní García	3	135,33	269,00 €
Doíra	2	108,00	633,00 €
Elefante Elegante Teatro	10	112,00	361,10 €
Espello Cóncavo	5	102,6	291,80 €
Excéntrica Producciones	1	81,00	207,00 €
Fulano, Mengano e Citano	4	150,50	495,50 €
Galitoon	20	202,10	365,10 €
Ghazafelhos	6	105,67	257,67 €
Grupo de Música Antiga Martín Códax	1	134,00	335,00 €
Katarsis, Educacion e Teatro	9	86,44	167,89 €
Kiko Pastur (ilusionista)	2	168,50	371,50 €
La Carreta Teatro	3	238,33	706,00 €
Lagarta Lagarta	11	209,45	886,68 €

Lambríaca Teatro	9	44,67	78,06 €
Mago Marttyn	2	190,50	466,00 €
Mago Rafa	2	143,50	313,00 €
Malasombra	5	92,60	284,40 €
Matarile Teatro	4	112,50	677,50 €
Miroscopio Perdicións	3	46,00	122,33 €
O Retrete de Dorian Gray	6	84,33	180,50 €
Ōfalo Teatro	4	251,25	1.372,85 €
Pinga Teatro	3	69,00	121,83 €
Pisando Ovos	3	46,33	150,00 €
Produccións Aconrbutaca	7	131,14	350,86 €
Producións Teatraís Excéntricas	14	337,50	1.645,76 €
Quinteto de Metais Omega Brass Ensemble	1	128,00	305,00 €
Quique Peon, Cía.	4	182,00	623,88 €
Redrum Teatro	4	279,50	152,00 €
Róber Bodegas	8	432,13	1.791,81 €
Sarabela Teatro	19	255,16	1.418,11 €
Solpico Cía de Danza	2	100,50	586,50 €
Talia Teatro	27	111,04	361,11 €
Talytakumy	3	118,00	142,17 €
Tanxarina Títeres	4	251,50	563,06 €
Teatro de Ningures	8	92,50	329,29 €
Teatro do Andamio	10	146,80	317,30 €
Teatro do Atlántico	5	210,00	1.630,20 €
Teatro do Morcego	16	189,44	568,00 €
Teatro Galileo	4	109,25	357,38 €
Títeres Trompicallo	8	106,13	228,75 €
Titizina Teatre	4	89,75	401,15 €
Uxia P. Vaello	2	33,00	70,50 €
Viravolta Títeres	10	153,80	252,15 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ ENTIDADE	Nº FUNCÍONS	ESPECT/ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	33	217,79	1.071,64 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	4	588	2.417,00 €
A Estrada	3	37,33	186,67 €
A Rúa	5	85,6	235,20 €
Ames	12	97,25	241,75 €
Arteixo	7	158,71	364,64 €
As Pontes de García Rodríguez	6	135,33	269,92 €
Betanzos	4	83,25	222,13 €
Boiro	7	120,86	166,86 €
Burela	8	224,88	737,75 €
Cambados	4	172,25	211,50 €
Cangas de Morrazo	9	229,33	775,78 €
Carballo	16	160,56	421,34 €
Cedeira	8	99,13	220,63 €
Cee	10	71,7	121,25 €
Culleredo	7	113,43	290,79 €
Ferrol	19	82,95	429,26 €
Foz	11	136,36	272,95 €
Gondomar	6	93,83	288,75 €
Lalín	4	140,75	380,25 €
Lugo	4	197,5	1.177,25 €
Monforte de Lemos	4	123,5	297,50 €
Muros	9	90,89	215,00 €
Narón	19	242,95	1.268,87 €
Noia	5	144,2	346,60 €
O Barco de Valdeorras	7	93,71	358,00 €
O Carballiño	6	58,83	158,58 €
Oleiros	5	173	623,10 €
Ortigueira	4	85,75	387,50 €
Ourense. Teatro Principal	6	152,67	1.336,50 €
Ourense. Auditorio Municipal	14	160,64	244,93 €
Pontevedra	24	262,75	449,34 €
Redondela	7	247,57	637,43 €
Ribadavia	4	98,75	234,88 €
Ribadeo	8	137,38	329,00 €
Sada	6	185,17	550,17 €
San Sadurniño	6	61,83	130,50 €

[continúa]

REXISTRO DE DATOS MAIO 2010 [E_SCENA EN CIFRAS]

Santiago de Compostela	12	161,25	932,33 €
Sanxenxo	4	92	315,88 €
Tui	6	235,67	685,67 €
Vigo. C.C. Caixanova	4	418,25	2.849,28 €
Vilagarcía de Arousa	7	237,29	252,14 €
Viveiro	8	160,5	284,88 €

TOTAIS RGTA (ATÉ MAIO)

	Funcións	Público	Ocupación	Facturado
2006	266	42.659	39,94%	129.067,70 €
2007	340	40.228	30,10%	119.523,81 €
2008	413	56.314	37,91%	168.180,24 €
2009	370	53.120	36,65%	164.225,00 €
2010	362	60.146	41,46%	203.949,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONs	ESPECT/ FUNCION	FACT/ FUNCION
Arteria Noroeste (Santiago)	14	88,14	297,86 €
Sala Nasa (Santiago)	26	43,08	193,42 €
Sala Santart (Santiago)	6	27,17	119,33 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	30	14,03	119,67 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	24	41,71	159,67 €
Teatro Ensalle (Vigo)	24	25,46	168,81 €

TOTAIS RGS (ATÉ MAIO)

	Funcións	Público	Ocupación	Facturado
2007	86	2.944	36,22%	14.985,00 €
2008	82	2.213	38,25%	11.218,00 €
2009	137	4.367	42,15%	18.346,00 €
2010	124	4.550	60,92%	21.389,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
12 Labirinto	2	88	246,00 €
3azoteas	2	46,5	179,00 €
7 Puertas	6	66,5	179,33 €
A Tuna Rastafari	1	83	273,00 €
Abril Fado Atlántico	3	39	169,00 €
Aid	5	27,8	101,60 €
Alberto Pérez	3	38	131,00 €
Aló Django	4	58,5	211,25 €
Animales Domesticos	3	29	47,00 €
Austria	1	156	1.092,00 €
Bakin'Blues Band	3	46	133,00 €
Baldosa Amarilla	2	28,5	104,50 €
Balea's Blues Quintet	3	45,33	185,00 €
Bastards On Parade	6	42,33	112,50 €
Belöp	9	44,56	118,44 €
Bruno T. Ford	6	42,67	102,33 €
Capitán Furilo	4	53,5	139,50 €
Caraba	1	53	153,00 €
Cats And Monkeys	3	39	124,33 €
Coanhadeira	4	49,25	135,00 €
Coll y Costa (de Los Reyes del KO)	11	59,18	227,82 €
Cool Beat	1	41	205,00 €
Cró!	3	44,67	182,67 €
Dakidarría	2	132,5	561,00 €
Doc Magoo's	2	60	159,00 €
Doctor Gringo	5	60,8	221,80 €
Doctor Snob	2	37,5	112,50 €
Dúo Fdz. & Quintá	1	60	180,00 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	7	37,43	143,43 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	1	23	60,00 €
Gustavo Almeida & Brazilian Night	2	44	85,00 €
Holywater	3	80,33	297,67 €
Igloo	8	98,25	324,75 €
Ith	1	97	261,00 €
Jazzeros Inoxidables	2	32,5	109,00 €
Jerez-Texas	4	46,5	179,25 €
José Córdoba	1	43	129,00 €
Jugoplastika	4	46,5	191,75 €
Les Trois de Cora	7	28,71	89,43 €
Litanei	3	22	83,67 €
Los Eternos	6	67,83	208,50 €
Los Mecánicos	5	66,2	175,00 €
Machina	1	78	234,00 €
Martinez	4	67	301,75 €
Maryland	3	51,67	192,00 €
Mbm	4	50	219,50 €
Mcmanus	4	41,75	119,25 €
Miguel Costas	6	72,17	290,67 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	5	52,4	142,20 €
Miñor Swing	3	36	129,33 €
Misquious	2	59,5	160,50 €
Mitocondrias	1	47	141,00 €
Monkillos	4	33	94,50 €
Moon Cresta	5	36,6	105,40 €
Moonjackets	3	24	58,00 €
Nadadora	5	71	267,60 €
Nouvelle Cuisine	2	55	193,00 €
O Sonoro Maxín	1	72	315,00 €
Oh Trio	3	42	158,00 €
Pacifico	2	33	140,50 €
Por Placer	2	54	178,50 €
Portrait	3	82	386,33 €
Recambios Tucho	3	42,67	139,00 €

Rockers Go To Hell	1	85	219,00 €
Sergio Makaroff	2	58	282,00 €
Som do Galpom	3	50	145,33 €
Stereotipos	3	23,33	100,33 €
Supersándwich	1	35	140,00 €
Telma y Los Luises	3	28,33	76,33 €
The Cherry Boppers	3	61,67	362,00 €
The Homens	4	40,75	148,00 €
The Last Minute Experience	3	28,67	108,00 €
The Soul Jacket	3	85,67	348,67 €
The Turre's Band	2	45,5	113,50 €
The W.C. García Show	6	20,83	52,33 €
Tiempocuatro	2	60,5	249,50 €
Why Go	3	98,33	336,67 €
Xan Campos Trio	3	36,33	137,33 €
Zenzär	3	109	291,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Fundación (Melide)	6	33,83	76,00 €
A Regueifa (Ponteareas)	2	39	117,00 €
Ache (Marín)	3	29	149,00 €
Aturuxo (Bueu)	7	48	276,57 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	10	36,6	88,00 €
Bàbà Bar (A Coruña)	4	40,25	172,25 €
Badulake (Ordes)	7	41,86	136,14 €
Bar Liceum (O Porriño)	6	53,83	161,00 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	9	59,67	179,00 €
Borriquita de Belém (Santiago)	7	48	130,71 €
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	3	57,33	172,00 €
Casa das Crechas (Santiago)	7	63	180,43 €
Catro Camiños (A Rúa)	1	20	40,00 €
Clandestino (Nigrán)	6	39,83	152,33 €
Clavicémbalo (Lugo)	10	40,3	142,30 €
Contrabajo (Vigo)	16	31,44	136,69 €
Disco-Club Capital (Ourense)	2	68	204,00 €
Doble Moral (Lugo)	4	7	87,50 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	3	96,67	254,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	7	94,57	226,71 €
Garufa (A Coruña)	11	53,18	159,45 €
Jazz Filloa (A Coruña)	5	41,6	208,00 €
La Casa de Arriba (Vigo)	8	51,88	248,38 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	8	67,75	214,25 €
La Galeríajazz (Vigo)	6	18,67	79,33 €
La Iguana Club (Vigo)	14	80,86	357,00 €
Marrucho (Baiona)	5	16,6	37,60 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	6	56,33	159,83 €
Planeta (Sarria)	6	63,33	150,00 €
Pub O Muíño (Cervo)	4	24,25	72,50 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	6	71	189,50 €
Pub Gatos (Melide)	8	68,25	179,75 €
Sala 600 (Melide)	6	54	269,67 €
Sala Karma (Pontevedra)	5	85,6	472,80 €
Sala Run Rum (Ferrol)	14	62,79	213,43 €
Salason (Cangas de Morrazo)	10	43,3	154,00 €
Sama Sama (Vilagarcía de Arousa)	5	112,8	351,80 €
Ultramarinos (Santiago)	6	42,17	116,83 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	4	59,75	179,25 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	6	31,67	85,00 €

TOTAIS RGMV (ATÉ MAIO)

	Concerto	Público	Ocupación	Facturado
2007	461	22.308	25,53%	56.106,00 €
2008	379	19.348	37,52%	58.441,00 €
2009	385	20.028	42,04%	66.305,00 €
2010	263	13.788	43,67%	47.615,00 €



XACOBEO 2010
Galicia



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC. Rúa da Vesada s/n San Lázaro.
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28 Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info